

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Pan de san Nicolau de Tolentino en Lugo

As monxas Agostiñas Recoletas de Lugo gardan un segredo. Trátase dun amuleto, talismán ou reliquia dador de saúde e efectivo contra graves perigos se cando se fai uso del se cumpren os requisitos prescritos. O obxecto é unha minúscula peza de pan, de apenas 3cm de diámetro, coñecida como “Pan de San Nicolao”, aínda que o título completo é “Pan bendito e milagroso do glorioso san Nicolau de Tolentino”. As Madres Agostiñas chegaron a Lugo en 1662. Primeiro ocuparon un edificio sito na Praza Maior, e desde 1844, logo da Desamortización e de ser derruído aquel primitivo edificio, ocupan o convento de san Domingos. Neste lugar é onde expenden gratuitamente o desexado amuleto a quen, segundo o parecer da monxa encargada, merece ser agasallado con el.



O milagre

Este panciño é a mostra viva dun milagre que obrou a Virxe co propio san Nicolao de Tolentino. Estaba moi

maliño do estómago e aparecéuselle a Virxe para dicirlle que pedise de esmola un pouco pan, que o mollase en auga e que, como así foi, ao momento quedaría curado. A Virxe, ademais, prometeulle que todo aquel que lle tivese devoción e sempre que fixese o mesmo, quedaría curado ou protexido pola graza de Deus. A Orde Agostiña acostuma bendicir moitos destes pans no día da súa festa (10 de setembro) para logo repartilos entre aqueles que teñan necesidade deles. E así é, segundo se di na folla ou prospecto que se subministra co pan, que, sempre que se use con verdadeira fe e mollado en auga, cura doenzas e é útil contra todo xénero de traballos, perigos e tribulacións. De botarse nun incendio, apaga o lume; de tirarse ao mar habendo temporal, calma os aires e o mar soségase. Defende contra raios e treboadas, libra da morte violenta tanto na guerra como fóra dela, e todos aqueles que levan este pan canda si, sexan humanos ou bestas, ou se o depositan en hortas ou campos, protéxeos de todo mal. Ao tomalo hai que rezar tres painosos e unha salve. Todas estas instrucións e recomendacións, así como unha antífona e unha oración, veñen no papel que se achega co “Pan de san Nicolao”.



San Nicolao de Tolentino foi un crego e místico católico italiano que viviu entre o s. XIII e o XIV. Dedicou a súa vida ao ascetismo e atender enfermos. Atribúenselle máis de 300 milagres, uns en vida e outros despois de morto. É o protector das ánimas do Purgatorio. O seu corpo, que se conserva na basílica de San Nicolao de Tolentino, foi atopado incorrupto uns corenta anos despois de producirse a morte polo que lle amputaron os brazos para facer un relicario. Foi canonizado en 1446.

En Pontedeume (A Coruña) teñen por patrón a este mesmo santo e contan que unha vez, aló polo s. XVII, declarouse un gran incendio na vila, e que cando se botou unha reliquia do santo nas chamas, apagouse de contado.

[Pan de san Nicolao \(instruccións de uso\).pdf](#)

BIBLIOGRAFÍA

Reigosa, Antonio (ed.) (2020): Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres míticos e dos lugares que habitan. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.